# Colección: Otero Pedrayo con Antonio Fraguas

## Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Antonio Fraguas do 25/08/1955

**Colección:**
**Data:** 25/08/1955
**De:**
Ramón Otero Pedrayo;
**Para:**
Antonio Fraguas;
**Ficha descriptiva:**
Carta manuscrita
**Localización física:**Fundacion Fraguas. Museo do Pobo Galego
**Temáticas:**
Morte;
**Mencionados:**
Eladia Fraguas;
**Notas do editor:**
Nesta carta fálase da morte da nai de Fraguas.

Trasalba 25 do agosto 1955

Sr. Dn. Antonio Fraguas Fraguas
Sant-Yago de Compostela

Meu querido amigo e compañeiro: Mándolle o forte e emozoado abrazo que no lle podo dar en persoa. Remate de leer "La Noche"! Fai apenas unha hora. De tê-lo sabido a tempo houbera acodido cabo de Vde inda non sendo boas as saídas e entradas nesta aldea. Por exemplo istas letras escritas no serán xa non poden saír hastra mañá. Moitas veces témos Fita e mais eu falado da doenza de súa naiciña que Deus teña no descanso eterno pois ben tena dereitamente sofrido co consolo de un fillo como Vostede, bon e amoroso e de unha filla tamén como Teresa. Sóio lle pido como vello amigo conformidade. Dende logo que a ledicia antiga e aquila confianza no vivir e na bondade e sempre leda dos camiños e da volta a casa con espírito de neno, xa non voltará pra Vde inda trasformandose o amor da nai no xenerabeiro falar ou calar acarvado con unha sombra presente sempre no fogar. Decorridos os primeiros días con impresión de iren moi depresa voltará Vde à compaña da nai na lembranza cada semán mais doce. Eu teño chorado moitas veces por a miña co ?vio medo de

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

---

Este epistolario procede dos
**Fondos da Fundación Otero Pedrayo**

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.